

AS PUBLICACIÓNS  
CIENTÍFICAS DA  
UNIVERSIDADE DE  
VIGO EN ACCESO  
ABERTO

*Semana do Acceso Aberto*

*19 ao 23 de outubro de 2020*



Universidade de Vigo, 19 de outubro de 2020

Biblioteca Universitaria

Área de Servizos Bibliométricos

Ana B. Martínez Piñeiro

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

Presentación

Datos destacados

Metodoloxía

As publicacións científicas da Universidade de Vigo en  
acceso aberto

Títulos das revistas con máis artigos da Universidade  
de Vigo en acceso aberto

Índices

## Presentación

Entre o 19 e o 23 de outubro de 2020 a Universidade de Vigo súmase á celebración da Semana Internacional do Acceso Aberto. Este evento organízase anualmente en moitas institucións de investigación de todo o mundo co obxectivo de dar a coñecer e potenciar o acceso aberto.

Con este estudo queremos achegar información sobre as publicacións en acceso aberto producidas polo persoal investigador da Universidade de Vigo entre 2010 e 2019.

Comezamos cunha análise xeral da evolución das publicacións en acceso aberto da Universidade de Vigo en comparación co conxunto das súas publicacións e en comparación coas medias española, europea e mundial.

A continuación comparamos esta evolución coa das outras dúas universidades galegas.

De seguido, observamos a porcentaxe das publicacións en acceso aberto por ámbitos temáticos e o impacto das publicacións en acceso aberto en comparación coa media das publicacións da Universidade de Vigo.

Para finalizar, achegamos unha relación das revistas nas que nos últimos dez anos o persoal investigador da Universidade de Vigo publicou máis artigos en acceso aberto.

## Datos destacados

**4040**

Documentos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto entre 2010 e 2019 indexados en WOS

**29,38%**

Porcentaxe de documentos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto entre 2010 e 2019 indexados en WOS

**1,02**

Impacto normalizado dos documentos da Universidade de Vigo publicados entre 2010 e 2019 indexados en WOS

**1,16**

Impacto normalizado dos documentos da Universidade de Vigo publicados en acceso aberto entre 2010 e 2019 indexados en WOS

**Ciencias sociais (45,11 %)**

**Artes e humanidades (42,13%)**

**Medicina (40,41%)**

Ámbitos temáticos nos que a Universidade de Vigo publicou unha porcentaxe máis elevada de documentos en acceso aberto entre 2010 e 2019, segundo WOS

***Plos One* (122 artigos)**

***Scientific Reports* (57 artigos)**

***Sensors* (52 artigos)**

Revistas nas que máis artigos publicou en acceso aberto a Universidade de Vigo entre 2010 e 2019

## Metodoloxía

### Fontes

Todos os datos empregados para realizar este estudo foron descargados da base de datos Web of Science mediante a súa ferramenta de análise bibliométrico, InCites, en outubro de 2020, con datos actualizados o 31 de agosto de 2020.

A Web of Science (WOS) é unha base de datos bibliográfica internacional e multidisciplinar que inclúe as coleccións Science Citations Index, Social Science Citation Index, Arts & Humanities Citation Index, Conference Proceedings Citation Index-Science, Conference Proceedings Citation Index-Social Science & Humanities, Book Citation Index e Emerging Sources Citation Index (ESCI).

### Indicadores

#### *Número de documentos en WOS*

É o número de documentos indexados en Web of Science; inclúe todas as tipoloxías documentais.

#### *Número de documentos en acceso aberto en WOS*

Número de documentos indexados en Web of Science como publicacións en acceso aberto. WOS establece varias categorías de acceso aberto (*DOAJ Gold, Other Gold, Bronze and Green OA*). Para esta análise escollemos todas as categorías (*All Open Access*).

#### *Porcentaxe de documentos en acceso aberto en WOS*

Porcentaxe de publicacións en acceso aberto con respecto ao total

#### *Número de citas por documento*

Para comparar o impacto das publicacións en acceso aberto co impacto do conxunto das publicacións, empregamos a media de citas recibidas por todos os documentos e a media de citas recibidas só polos documentos en acceso aberto.

#### *Impacto normalizado por ámbito (CNCI)*

Empregamos o indicador CNCI (Category Normalized Citation Impact) proporcionado por InCites. Este indicador calcúlase comparando as citas obtidas coa media das citas recibidas polos documentos do mesmo tipo, ano de publicación e o ámbito temático. Preséntase coma un número decimal no que o valor 1 indicaría a media mundial. Así, obter un 1,2 indica que a universidade recibe un 20% máis de citas que a media mundial, e un 0,9 indica que recibe un 10% menos que a media mundial.

Para as publicacións de cada ano, comparamos o impacto normalizado medio do total dos documentos publicados ese ano co impacto normalizado daqueles publicados en acceso aberto.

#### *Porcentaxe de documentos citados*

Utilizamos este indicador para os artigos publicados pola Universidade de Vigo en cada unha das revistas que se relacionan. Este número indica a porcentaxe de documentos indexados que foron citados cando menos 1 vez segundo as citas recompiladas por WOS.

#### *Impacto normalizado por revista (JNCI)*

O indicador JNCI compara o número de citas obtidas polos artigos publicados pola Universidade de Vigo coa media das citas que obtiveron o total dos artigos publicados nesa mesma revista o mesmo ano. Preséntase coma un número decimal no que o valor

1 indicaría a media de citas recibida polos artigos desa revista. Así, obter un 1,2 indica que os artigos da Universidade de Vigo reciben un 20% máis de citas que a media da revista, e un 0,9 indica que reciben un 10% menos que a media.

### Ámbitos temáticos

Para a comparación da porcentaxe de documentos en acceso aberto entre ámbitos temáticos, empregamos unha das clasificacións que ofrece InCites, ANVUR, do Consiglio Universitario Nazionale de Italia.


## As publicacións científicas da Universidade de Vigo en acceso aberto

### Evolución

Táboa 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, do número das publicacións da Universidade de Vigo publicadas en acceso aberto indexadas en WOS e da porcentaxe de publicacións en acceso aberto

Ano	Núm documentos en WOS	Núm documentos en acceso aberto en WOS	% documentos en acceso aberto
2010	1232	237	19,24
2011	1238	269	21,73
2012	1247	287	23,02
2013	1374	357	25,98
2014	1386	366	26,41
2015	1409	427	30,31
2016	1445	447	30,93
2017	1479	531	35,90
2018	1438	528	36,72
2019	1505	591	39,27
<b>TOTAL</b>	<b>13753</b>	<b>4040</b>	<b>29,38%</b>

Gráfica 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, do número de publicacións da Universidade de Vigo publicadas en acceso aberto indexadas en WOS e da porcentaxe de publicacións en acceso aberto






## Evolución comparada

Táboa 2. Evolución das porcentaxes de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, media mundial, media dos países da Unión Europea, media das institucións españolas e media das tres universidades galegas

Ano	UVigo % acceso aberto	Mundial % acceso aberto	UE % acceso aberto	España % acceso aberto	Galicia % acceso aberto
2010	19,24	18,81	19,97	25,54	20,57
2011	21,73	20,44	21,92	28,37	24,47
2012	23,02	22,68	24,83	31,19	27,03
2013	25,98	23,84	26,18	32,09	29,13
2014	26,41	25,57	28,77	34,99	31,09
2015	30,31	27,69	31,28	37,63	33,68
2016	30,93	30,92	35,78	41,44	38,36
2017	35,90	31,99	37,55	42,91	39,69
2018	36,72	33,69	39,81	44,96	42,08
2019	39,27	34,53	41,13	45,41	44,45
<b>TOTAL</b>	<b>29,38</b>	<b>27,56</b>	<b>31,29</b>	<b>37,17</b>	<b>33,83</b>


Gráfica 2. Evolución das porcentaxes de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, media mundial, media dos países da Unión Europea, media das institucións españolas e media das tres universidades galegas



Táboa 3. Evolución do número e porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña

Ano de publicación	Universidade de Vigo		Universidade de Santiago de Compostela		Universidade da Coruña	
	núm doc acceso aberto	% doc acceso abert	núm doc acceso aberto	% doc acceso aberto	núm doc acceso aberto	% doc acceso aberto
2010	237	19,24	353	20,58	172	20,80
2011	269	21,73	479	25,86	224	24,43
2012	287	23,02	600	30,36	240	25,18
2013	357	25,98	654	33,23	263	25,76
2014	366	26,41	713	34,80	281	29,67
2015	427	30,31	814	38,40	366	30,45
2016	447	30,93	930	43,26	455	37,14
2017	531	35,90	1030	43,76	470	37,04
2018	528	36,72	1066	46,27	528	40,31
2019	591	39,27	1154	48,92	630	42,65
<b>TOTAL</b>	<b>4040</b>	<b>29,38</b>	<b>7793</b>	<b>37,38</b>	<b>3629</b>	<b>32,55</b>

Gráfica 3. Evolución do número e porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña




## Ámbitos temáticos

Gráfica 4. Porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo indexados en WOS, por ámbitos temáticos



## Impacto

Gráfica 5. Media de citas recibidas polos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo e media de citas para os documentos publicados en acceso aberto. Impacto normalizado (CNCI) medio dos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo e comparación co impacto normalizado medio dos documentos publicados en acceso aberto



## Títulos das revistas con máis artigos da Universidade de Vigo en acceso aberto

Táboa 4. Títulos das revistas nas que a Universidade de Vigo publicou máis de 10 documentos en acceso aberto entre 2010 e 2019

Título da revista	Núm de documentos da UVigo	Porcentaxe de documentos citados	Impacto normalizado por ámbito (CNCI)	Impacto normalizado por revista (JNCI)
PLOS ONE	122	94,26	0,96	0,90
SCIENTIFIC REPORTS	57	94,74	1,14	0,99
SENSORS	52	84,62	0,68	0,74
ENERGIES	35	88,57	0,54	1,05
SUSTAINABILITY	33	84,85	0,68	1,08
RETOS-NUEVAS TENDENCIAS EN EDUCACION FISICA DEPORTE Y RECREACION	32	53,13	0,30	0,92
PHYSICAL REVIEW C	30	100,00	1,44	0,94
ASTRONOMY & ASTROPHYSICS	29	96,55	17,80	13,38
JOURNAL OF HUMAN SPORT AND EXERCISE	27	77,78	0,25	0,95
JOURNAL OF HUMAN KINETICS	23	100,00	1,67	2,73
HISTORIA Y COMUNICACION SOCIAL	22	18,18	0,19	0,22
MOLECULES	22	95,45	0,84	1,38
MADRYGAL-REVISTA DE ESTUDIOS GALLEGOS	22	0,00	0,00	0,00
PASOS-REVISTA DE TURISMO Y PATRIMONIO CULTURAL	22	40,91	0,20	1,03
WATER	21	90,48	0,97	1,23
MANUFACTURING ENGINEERING SOCIETY INTERNATIONAL CONFERENCE 2017 (MESIC 2017)	21	76,19	3,93	1,66
REVISTA INTERNACIONAL DE MEDICINA Y CIENCIAS DE LA ACTIVIDAD FISICA Y DEL DEPORTE	20	65,00	0,20	0,63
REMOTE SENSING	20	95,00	0,52	0,40
MATERIALS	19	84,21	0,41	0,73
PEERJ	19	89,47	0,68	0,83
INTERNATIONAL JOURNAL OF MOLECULAR SCIENCES	18	88,89	0,46	0,70
NATURE COMMUNICATIONS	18	100,00	3,74	0,97
JOURNAL OF COMPUTATIONAL AND APPLIED MATHEMATICS	18	94,44	0,68	0,51
SENDEBAR-REVISTA DE TRADUCCION E INTERPRETACION	17	41,18	0,36	0,69
INTERNATIONAL JOURNAL OF ENVIRONMENTAL RESEARCH AND PUBLIC HEALTH	16	75,00	0,76	0,87
JOURNAL OF EXPERIMENTAL BIOLOGY	16	100,00	1,22	1,05
CLIMATE RESEARCH	16	100,00	0,88	0,77

CYTA-JOURNAL OF FOOD	15	93,33	0,74	1,54
VIVAT ACADEMIA	15	26,67	0,02	0,27
MONTHLY NOTICES OF THE ROYAL ASTRONOMICAL SOCIETY	15	93,33	0,74	0,59
OPTICS EXPRESS	15	100,00	1,60	1,04
NUTRICION HOSPITALARIA	15	80,00	0,25	0,69
SCIENTIA MARINA	14	85,71	0,47	0,83
ESTUDOS DE LINGUISTICA GALEGA	14	35,71	0,31	1,00
MARINE ECOLOGY PROGRESS SERIES	14	100,00	0,98	0,91
PRISMA SOCIAL	14	21,43	0,32	0,57
ACTA CRYSTALLOGRAPHICA SECTION E-CRYSTALLOGRAPHIC COMMUNICATIONS	14	42,86	0,09	0,58
BIOMED RESEARCH INTERNATIONAL	14	85,71	0,53	0,92
SPORTIS	14	21,43	0,06	0,19
IEEE ACCESS	14	71,43	2,35	1,44
REVISTA DE PSICOLOGIA DEL DEPORTE	14	78,57	1,70	1,07
MARINE DRUGS	13	100,00	2,34	1,68
REVISTA ICONO 14-REVISTA CIENTIFICA DE COMUNICACION Y TECNOLOGIAS	13	15,38	0,02	0,12
SPANISH JOURNAL OF SOIL SCIENCE	13	92,31	0,30	1,59
APPLIED SCIENCES-BASEL	13	84,62	0,95	1,57
JOURNAL OF PLANKTON RESEARCH	13	100,00	0,91	0,88
FRONTIERS IN MARINE SCIENCE	12	100,00	1,18	1,18
REVISTA IBEROAMERICANA DE EDUCACION	12	0,00	0,00	0,00
ANALES CERVANTINOS	12	8,33	0,15	0,07
BMC EVOLUTIONARY BIOLOGY	12	100,00	0,50	0,57
DYNA-COLOMBIA	12	58,33	0,14	0,92
REVISTA LATINA DE COMUNICACION SOCIAL	12	50,00	0,64	1,04
PROCEEDINGS OF THE NATIONAL ACADEMY OF SCIENCES OF THE UNITED STATES OF AMERICA	11	90,91	2,18	0,88
JOURNAL OF MATHEMATICAL ANALYSIS AND APPLICATIONS	11	90,91	0,91	0,71
EARTH SYSTEM DYNAMICS	11	100,00	1,67	1,29
HEREDITY	11	100,00	0,86	1,03
ECOLOGY AND EVOLUTION	11	90,91	1,38	1,82

## Índices

### Índice de táboas

Táboa 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, do número das publicacións da Universidade de Vigo publicadas en acceso aberto indexadas en WOS e da porcentaxe de publicacións en acceso aberto

Táboa 2. Evolución das porcentaxes de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, media mundial, media dos países da Unión Europea, media das institucións españolas e media das tres universidades galegas

Táboa 3. Evolución do número e porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña

Táboa 4. Títulos das revistas nas que a Universidade de Vigo publicou máis de 10 documentos en acceso aberto entre 2010 e 2019

### Índice de gráficas

Gráfica 1. Evolución do número de publicacións da Universidade de Vigo indexadas en WOS, do número de publicacións da Universidade de Vigo publicadas en acceso aberto indexadas en WOS e da porcentaxe de publicacións en acceso aberto

Gráfica 2. Evolución das porcentaxes de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, media mundial, media dos países da Unión Europea, media das institucións españolas e media das tres universidades galegas

Gráfica 3. Evolución do número e porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo, pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña

Gráfica 4. Porcentaxe de documentos publicados en acceso aberto pola Universidade de Vigo indexados en WOS, por ámbitos temáticos

Gráfica 5. Media de citas recibidas polos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo e media de citas para os documentos publicados en acceso aberto. Impacto normalizado (CNCI) medio dos documentos publicados cada ano pola Universidade de Vigo e comparación co impacto normalizado medio dos documentos publicados en acceso aberto

